

Mitoloxía etíope

Anosa literatura xuvenil dos últimos anos fundamentou o seu éxito nunha narrativa de xénea realista onde os nosos adolescentes podían verse identificados nos comportamentos, situacións ou, en todo caso, máis que identificados, ensoñando realidades posibles nas que eles puidesen estar inseridos. As problemáticas con pais, amigos e amigas ou mozos e mozas como pano de fondo, son elementos habitualísimos que poderían dar unha manchea de títulos para citar sen ningún tipo de esforzo mental especial para calquera lector deste tipo de literatura.

De feito, se nos queríamos ir a unha literatura un chisco más fantástica deberíamos ir a obras traducidas doutras literaturas de maneira que títulos como *O hobitt* ou *O señor dos aneis*, clásicos de toda a vida, postos en danza polo márketing dun proxecto cinematográfico, tiveron a finalidade de cubrir ocos alí onde os galegos non tivemos demasiada intención de ir. Sen excluír obras de índole fantástica, mesmo de ciencia-ficción que habelas

Coñecer novos espazos

 HÉITOR MERA



hai-nas, proxec-
tos tan ambiciosos
como o que nos presen-

ta Caamaño
nesta súa no-
vela, amplían
o abano de
posibilidades
galegas e en
galego para o
público inter-
resado.

De certo,
*O paxaro do
mel*, texto fun-
damentado na
mitoloxía e
crenzas de tri-
bos etíopes, to-
das elas en co-
muñón co cris-
tianismo sub ge-
neris que non as
agocha, ten a ou-
tra gran virtude
de situar ao lec-
tor no segundo
terzo do século
XIX, en pleno
proceso colonial.

A trama vén sendo o
rescate que han abordar tres
rapaces despois de que un
grupo de escravistas levasen

consigo a media tribo de
dous deles: Kassai e Yaíza
que, xunto ao seu amigo ita-
liano Mario atoparanse con
moitos perigos, escusas es-
tupendas para que o autor
nos mergulle en moitos dos
costumes das tribos coas
que se atopan presentándonos
a África do momento
como un gran eido de mis-
terio e fermosura.

É acerto por parte de
Caamaño presentarnos a
dous tipos de "visitantes"
occidentais: os escravistas
que, por suposto son os ma-
los e; por outro lado, os in-
vestigadores e exploradores
que foron os pioneiros en
chegar ao continente africano
con obxectivos ben dis-
tintos aos que tiñan os pri-
meiros. Unha boa maneira
de ver que non eran iguais
todos os que pisaron a zona
naqueles tempos. Quizais a
figura do explorador intere-
sado en coñecer novos espazos
reciba unha merecida
homenaxe nesta obra de co-
recta exposición formal e
contido ameno e didáctico
para os que queiran coñecer
un pouquiño máis sobre a
colonización do continente
africano.

*CAAMÁÑO, Adolfo, O
paxaro do mel, Ed. Xerais,
Vigo, 2006, 336 páxinas*